



SEGUNDA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E A DIOCESE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A POSTA A DISPOSICIÓN DOS TERREOS E INMOBLES NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS DE CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DOS INMOBLES ECLESIASTICOS INCLUÍDOS NO ANEXO DE INTERVENCIÓNS VINCULADAS AO CONVENIO

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, don José Carlos López Campos, actuando en representación da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, en virtude do seu cargo de conselleiro polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle concede o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

Doutra, Sr. D. Francisco José Prieto Fernández, actuando en representación da Diocese de Santiago de Compostela, en virtude da súa condición de bispo, titular e responsable da Diocese.

Todas as partes teñen plena capacidade para levar adiante o presente acordo e por tanto,

EXPOÑEN

Primeiro. O 27 de marzo de 2025 a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Diocese de Santiago de Compostela asinaron un convenio para a posta a disposición dos terreos e inmobles necesarios para a execución das actuacións de conservación e restauración dos inmobles eclesiásticos incluídos no anexo.

O 16 de xuño de 2025, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Diocese de Santiago de Compostela asinaron unha primeira addenda ao convenio para a posta a disposición dos terreos e inmobles necesarios para a execución das actuacións de conservación e restauración dos inmobles eclesiásticos, que modificou o Anexo de Intervencións establecido, sumando dúas novas intervencións ao mesmo.

Segundo. A cláusula segunda do citado convenio establece que a relación de obras recollidas no anexo así como a relación de inmobles eclesiásticos que van ser obxecto das intervencións poden ser obxecto de modificación ao longo do período de vixencia do convenio, incorporando novos edificios, bens e intervencións ou retirando os xa incorporados nos que non sexa posible chegar a formalizar a contratación das obras. Estas variacións do listado incluído no Anexo de Intervencións serán recollidas en sucesivas addendas ao convenio que teñan por obxecto a actualización da lista de intervencións previstas ao abeiro do convenio.

Terceiro. A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia, tendo en conta as súas dispoñibilidades económicas prevé realizar unha nova actuación nun ben correspondente á





Diocese de Santiago de Compostela polo que é preciso modificar o Anexo de Intervencións vixente en virtude da addenda asinada o 16.06.2025 para incorporar o seguinte inmovible sobre o que se vai actuar: Igrexa de santa María do Porto (igreja vella), Marín, (Pontevedra).

Segundo o anterior, as partes acordan formalizar unha segunda addenda ao convenio de posta a disposición de terreos e inmovibles necesarios para a execución das actuacións de conservación e restauración dos inmovibles eclesiásticos con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. O obxecto desta segunda addenda é incorporar unha nova actuación ao anexo de intervencións vinculadas ao convenio en virtude da addenda asinada o 16.06.2025.

Segunda. Modifícase o anexo de intervencións do convenio. O novo anexo vixente será o que se xunta a esta addenda.

Terceira. A presente addenda entrará en vigor o día da súa sinatura e estará vixente ata a completa finalización das obras a realizar sobre os inmovibles obxecto da posta a disposición. En calquera caso, a duración do presente convenio será determinada e non superior aos catro anos, salvo que normativamente se prevea un prazo superior, de acordo co artigo 49.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Cuarta. As demais cláusulas do convenio, permanecen invariables e manteñen vixencia plena.

E en proba de conformidade cos termos da presente addenda, as partes comparecentes asínano e rubricano por duplicado exemplar no lugar e data expresados.

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude

O Arcebispo da Diocese de Santiago de
Compostela

José Carlos López Campos

Francisco José Prieto Fernández





ANEXO DE ACTUACIÓNS VINCULADAS AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A ARQUIDIOCESE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, ANO 2025.

BEN: igrexa de Padrón (parroquial de Santiago)
SITUACIÓN: A Trabanca, Padrón (A Coruña)
PROTECCIÓN: A igrexa de Padrón (parroquial de Santiago) situada no concello de Padrón (A Coruña), da que forma parte o retablo maior, ten a consideración de ben catalogado ao estar incluída no catálogo do PXOU do Concello de Padrón do 27.07.1994 (BOP 30.08.1994) na ficha núm. 1, conforme ao art. 30 e a DA 2ª da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
Tamén se recolle no catálogo do Plan Básico Autonómico co COD_IMPRESION Padrón_16610.

ACTUACIÓN: Restauración do retablo maior da igrexa de Santiago, Padrón (A Coruña) (SAR-2025-0037.INT)
PRAZO DE EXECUCIÓN ESTIMADO: 4 meses

DESCRIPCIÓN:
<p>A actual igrexa de Santiago substitúe a outros templos anteriores cuxa orixe se sitúa na época románica.</p> <p>O primeiro templo do que se ten constancia data do século X. Sería construído polo bispo Gudesindo nunha data anterior ao ano 924. Estaría situada na mesma localización que a actual, coa fachada occidental mirando cara ao río Sar. O acceso ao primitivo templo de Santiago de Padrón facíase polo lado sur, o que mira ao paseo do Espolón. Unha solución habitual, utilizada nos templos do século X, para evitar as perspectivas amplas.</p> <p>A actual igrexa reconstruíuse a mediados do século XIX baixo a dirección do arquitecto Manuel Prado e Vallo.</p> <p>A igrexa sitúase sobre o lugar que ocuparon outras tres igrexas anteriores das que se ten constancia documental. A actual iníciase no ano 1859 e terminouse en 1867.</p> <p>É un edificio de planta basilical de tres naves e cabeceira recta. O espazo da cabeceira está flanqueado por dous espazos de sancristía nos laterais. O templo cambiou de orientación nas reformas posteriores e actualmente oriéntase coa cabeceira xunto ao río, mirando ao oeste, en lugar de ao leste seguindo a tradición canónica. O interior divídese en tres naves, coa central de maior anchura, por medio de alicerces de sección cadrada con piastras acaroadas que sosteñen arcos de medio punto.</p> <p>A cuberta das naves realízase con falsas bóvedas de canón realizadas en barrotillo sobre as que se monta unha estrutura de madeira que sostén a cuberta a dúas augas.</p> <p>Para a fachada principal, Prado realiza unha fachada clasicista cunha rúa central flanqueada por piastras de orde xónica sobre altos podios que sosteñen un frontón triangular clásico pero que xoga cos volumes do tímpano retranqueando a parte central. A rúa central da fachada está formada por un acceso de lintel recto coroado polo mesmo frontón triangular visto para o esquema xeral da fachada, e sobre el ábrese un van semicircular decorado con molduras sinxelas. Nos laterais da fachada levántanse dúas torres campanario de sección prismática que albergan as campás.</p> <p>O mesmo esquema clasicista, con xogos de volumes para crear efectos de claroscuro, leva ao acceso sur, aínda que de forma máis austera. A portada sur está flanqueada por machóns que sosteñen un arco de medio punto que acubilla un óculo circular e porta alintelada rematada en</p>





frontón recto. Segundo Francisco Singul no seu artigo "*Proxecto, estilo e función na igrexa de Santiago de Padrón*" posiblemente Prado e Vallo inspirárase para a construción da fachada principal na que realiza Melchor de Prado Mariño para a Colexiata de Vigo, introducindo algunhas novidades como a ruptura do entaboamento e a cornixa do frontón ou a orde xónica das columnas.

Retablo maior

O retablo maior é de estilo neoclásico realizado para adaptarse á arquitectura da cabeceira e albergar na parte inferior *O Pedrón*, unha ara da época romana dedicada ao deus Neptuno e que é o lugar no que segundo a tradición cristiá se atou a barca que transportaba o corpo do Apóstolo Santiago.

O conxunto está formado por unha estrutura inferior oca na súa zona central que alberga *O Pedrón* situado a unha altura inferior ao lousado da nave. Esta estrutura a modo de banco é a que serve de base e sobre ela levántase o retablo, a modo de gran fornela semicircular, deixando no espazo central unha bancada que serve de base á imaxe do patrón da igrexa, situado na zona máis alta: Santiago o Maior.

Comezando a descrición desde a zona inferior, atopámonos en primeiro lugar cunha estrutura formada por paneis de madeira decorados con policromías que imitan marmoreados nos laterais e o espazo no que se sitúa *O Pedrón* na zona central. Este espazo péchase nos laterais e fondo con paneis de madeira decorados con pinturas ao óleo imitando marmoreados e molduras douradas, no panel lateral esquerdo colócase ademais un relevo cos emblemas de Santiago (A Venera e a cruz de Santiago). O panel de fondo conta coa seguinte lenda:

Cippus cui nomem Petronium adest/ Ei Navim S. Jacobi Zebedaei Corporis/ Vectricem alligatam fuisse/pie creditur

O corpo central do retablo está formado por unha armazón semicircular a base de paneis sinxelos lisos decorados con pinturas que imitan arquitectura e que serven de fondo á zona central. Fronte aos paneis colócanse catro columnas de fuste redondeado e liso rematadas en capiteis compostos unidos entre si por grilandas de teas.

As columnas sosteñen un friso con cornixa dentada que dá paso ao ático, que imita unha semicúpula seguindo o esquema semicircular do corpo principal, pero con maior profusión decorativa. Os nervios decóranse con motivos vexetais e únense entre si con grilandas tamén de decoración vexetal. Na zona central do ático, colócase un gran tondo co símbolo de Deus Pai, (o triángulo co ollo no centro) decorado con nubes e cabezas de anxos rodeados por raios dourados.

Toda a estrutura do retablo descrita serve de marco ao espazo central. Este está formado por unha bancada con sagrario na zona central inferior e serve de base á imaxe de Santiago sedente, situado na parte superior, e ás imaxes de san Xosé e san Ramón nos laterais inferiores. Na zona central da bancada, sobre o sagrario, ábrese un espazo a modo de fornela, no que actualmente se sitúa a talla de Santiago peregrino realizada por José Gambino no século XVII.

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:

O inmovible mostra un estado de conservación medio. A nivel de estrutura e madeira de soporte non se aprecian graves alteracións.





Non hai ataque activo de insectos xilófagos e a madeira mantén as súas características mecánicas correctamente aínda que será precisa unha revisión xeral da estrutura para comprobar a súa estabilidade. Aprécianse faltas puntuais de volume e apertura de liñas de unión e ensambles, pero non gretas de relevancia.

As principais alteracións que se observan a nivel de policromías son faltas puntuais de adhesión, repintes, sucidade xeneralizada, oxidación do verniz e escurecemento xeral da superficie debido principalmente a fumes de combustión.

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:

As necesidades que se pretenden cubrir coa restauración radican na necesidade de realizar:

- labores de desinsectización curativa e preventiva
- consolidación do soporte nas zonas debilitadas
- carpintería de restauración
- retirada de elementos alleos ao retablo
- reintegración de volumes e fendas sempre que supoñan un risco para estabilidade do conxunto
- fixación da policromía
- limpeza físico-química da capa de protección
- tratamento de metais
- eliminación de repintes puntuais
- estucado
- reintegración cromática
- aplicación dunha nova capa de protección.





BEN: igrexa do santuario da Virxe da Barca

SITUACIÓN: Muxía (A Coruña)

PROTECCIÓN: O santuario da Virxe da Barca, localizado no concello de Muxía (A Coruña), ten a consideración de ben catalogado ao estar recollido no catálogo das Normas subsidiarias de planeamento do Concello de Muxía do 04.05.1995 (BOP do 01.06.1995) co núm. 9, conforme ao art. 30 e a DA 2ª da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Tamén se recolle no catálogo do Plan Básico Autonómico co COD_IMPRESION Muxía_13694.

ACTUACIÓN: 2ª Fase de restauración do santuario da Virxe da Barca, Muxía (A Coruña) (SAR-2024-0217.INT)

PRAZO DE EXECUCIÓN ESTIMADO: 6 meses

DESCRICIÓN:

O conxunto do santuario e a casa reitoral atópase na Costa da Morte, concretamente en Punta da Barca, tamén chamada das Cruces ou de Xaviña e coñécese como o Lugar da Virxe da Barca.

A pesar das relativamente tardías referencias escritas, que datan de mediados do século XVI aínda que aluden a un edificio de principios do século XV1, a historia do santuario de Nosa Señora da Barca parece afundir as súas raíces nos brumosos tempos da primeira cristianización de Galicia. Neste momento en que, como adoita suceder na historia, o novo estrato dunha civilización fúndese de forma case indistinguible co substrato antigo. Os cultos milenarios que teñen en Galicia conexión co fenómeno da peregrinación e coa idea de *Finis Terrae*, revístense de hábitos cristiáns ata que practicamente é só un inconfundible aroma do país o que delata a súa estirpe milenaria.

Así parecen suxerilo a xeralmente aceptada interpretación etimolóxica do topónimo onde está situado *Muxía* que se supón proveniente de *Monxía*, lugar habitado por monxes que cristianizaron aquelas terras e o enclave da súa tradición no mito Xacobeo. Así parece suxerilo tamén a propia dualidade actual da contorna que combina o elemento arquitectónico dun santuario católico co culto ás pedras, presentes historicamente en moi diversas zonas de Galicia, entre as cales, así como Compostela o é entre as igrexas de peregrinación, Nosa Señora da Barca é o arquetipo.

Na carta executoria de 1544, que dirime as diferenzas do reitor da parroquia de Muxía co visitador do Arcebispado que atopou a ermida en mal estado, faise referencia á fundación da ermida por licenza de Lope de Mendoza, que foi arcebispo de Compostela desde 1400 ata 1445, o que nos dá as datas de fundación do primeiro edificio, nun lugar que se chamaba *As cruces*. Suxeriuse que este nome viña dos debuxos que facía o mar nesa zona, con todo parece moito máis probable que o seu nome fixese referencia á presenza de cruces alí dispostas para cristianizar o lugar.

Segundo a lenda o santuario de Nosa Señora da Barca conmemora unha aparición da Virxe ao Apóstolo Santiago para darlle ánimos na súa predicación ante aqueles rústicos, entre cuxos obxectos de idolatría estaban, ao dicir de san Martiño de Dumio, precisamente as pedras. Do mesmo xeito que a barca que máis tarde traería o corpo do apóstolo a Padrón, a barca da Virxe era de pedra e é a explicación hoxe do nome dunha das pedras, *pedra do temón*. Pero son varias as que reciben a singularización dun nome propio, empezando pola máis famosa *pedra de abalar* e a *pedra dos cadrís*, relacionadas coa fertilidade e a saúde.

As ruínas dun hospital medieval proban que na Idade Media a peregrinación ao lugar estaba moi asentada. No século XVIII tomará novo impulso, aparecendo ademais monografías





dedicadas ao santuario. Será precisamente a principios deste século cando se constrúa o santuario actual, entre 1717 e 1719, financiado polos condes de Frigiliana, Juan de Ribadeneyra e a súa esposa Alfonsa de Castro así como a súa filla María Teresa (condesa de Taboada) e o seu marido José Benito Lanzós Novoa e Andrade (conde de Maceda).

Á construción do santuario unirase a fundación dun convento de Trinitarios que dará aloxamento aos peregrinos. Nesta revitalización non faltarán novos milagres que acreditan, a instancia do cabido de Santiago, os teólogos de Salamanca en 17244.

Xa en 1750, o Pai xesuíta Pascasio Seguíñ inclúe a Muxía, metonimia do santuario, entre os catro lugares que destacan pola súa importancia simbólica no reino de Galicia (Compostela, Padrón, Fisterra e Muxía).

A importancia simbólica do lugar non pasará desapercibida para os románticos, preocupados pola identidade nacional, e destacadamente para Manuel Murguía quen tratará de encadrarlo no marco da cultura céltica, que foi a súa particular elección na procura dun pasado mítico. Un pasado que xa é o noso pasado aínda que só sexa porque é historia da nosa historia.

Rosalía de Castro, poñerá para sempre o santuario na historia da nosa literatura, primeiro como peregrina, na tarde en que acompañou á irmá de Pondal, logo como glosadora dun cantar popular.

A construción do santuario da nosa Señora da Barca iníciase en 1719. Con posterioridade fóronse engadindo distintos elementos: a casa reitoral de 1828, a espadana situada independente da igrexa de 1834 e as dúas torres campanario na fachada oeste de 1958, construción do mestre José Alborés Gándara, custando naquela época 500.000 pesetas.

O santuario, a casa reitoral e a espadana, situadas ambas as ao norte do templo, forman un conxunto delimitado por un peche de fábrica de cachotería de granito.

Trátase dunha construción de estilo barroco, de gran sinxeleza e austeridade, con algunha achega neoclásica. Destaca a ausencia de ornamentación exterior.

Planta de cruz latina, dunha soa nave, coa sancristía detrás da capela maior. A orientación este-oeste quedando a capela maior ao leste. Construción en fábrica de sillería e cachotería de granito, con muros de ata 180 cm de espesor.

O acceso principal ao templo realízase pola fachada oeste, tendo tamén un acceso lateral desde a fachada sur. O acceso desde o exterior á sancristía realízase desde a fachada sur. Interiormente, á sancristía accédese a través de dúas portas situadas no muro absidal.

Na fachada principal sobresaen, a cada lado, os volumes que ocupan as torres, totalmente lisa ata exceder a cuberta, con cornixas saíntes e remates balaustrados nas catro esquinas. O remate superior realízase cun cupulín cunha terminación balaustrada en forma de bóla.

A envolvente exterior do santuario culmínase cunha cuberta a dúas augas na nave e cruceiro e a tres augas na sancristía. A nave está cuberta con bóveda de canón de ladrillo e arcos *faixóns* de pedra, con arcos *formeros* no encontro cos muros de granito. O arranque dos arcos da nave central resólvese con ménsulas con arquitrabe e frisos lisos.

O cruceiro resólvese cunha bóveda de aresta de ladrillo, e arcos torais de medio punto, que descansan sobre catro pilastras de esquina. O presbiterio resólvese con bóveda de lunetos. Desde a súa orixe o interior do templo está revestido, fóra de piastras, ménsulas, cornixas e arcos de fábrica de granito vista.

A luz natural entra no templo a través dunha vidreira situada na fachada oeste e de xanelas troneras repartidas ao longo da nave, na parte superior dos muros de fábrica e no presbiterio.

Na zona oeste da nave principal levántase un coro con estrutura de madeira e artesonado na





súa parte inferior. O acceso desde a nave principal á tribuna realízase a través dunha escaleira situada no intradós do muro sur. O acceso desde a tribuna á cuberta e ás torres realízase a través de escaleiras de caracol situadas no intradós dos muros norte e sur.

Por último, a sancristía resólvese en dous niveis, accedendo á planta superior a través de escaleiras situadas no intradós dos muros norte e sur, xerando así unha simetría respecto ao eixo principal este-oeste.

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:

No ano 2024 executáronse as obras de *Rehabilitación do santuario da Nosa Señora da Barca* derivadas do incendio que sufriu o inmovible o 25.12.2013 ocasionado pola caída dun raio.

Propónse agora acometer unha segunda fase de restauración que inclúa os traballos xa previstos naquel momento e que era preciso adiar para comprobar como se comportaban os materiais e os acabados executados na obra do 2014.

Os morteiros de sacrificio aplicados tiñan unha dobre función: acondicionar o templo para poder continuar co culto e darlle un tempo aos muros para que secan. Así está comprobado e na actualidade están en mal estado, non permiten a correcta transpiración dos muros e aprécianse moitas eflorescencias polo que é moi aconsellable a súa eliminación e posterior execución dun novo acabado.

O encintado exterior está moi deteriorado e ten unha patoloxía clara: gretas, fragmentación, descohesión, falta de continuidade coa cubrición dos perímetros dos sillares, falta de unidade en color e existencia de morteiros de distintas composicións (cemento, cal, bastardos...)

Tal e como estaba previsto, os sales que estaban acumulados e que foron expulsando todos os elementos construtivos danaron os acabados, pavimentos, instalacións... que agora é preciso revisar, restaurar ou reparar.

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:

Os traballos previstos son de xeito resumido os seguintes:

- Protección minuciosa dos retablos e elementos mobles do interior (incluso traslado a unha zona de almacén dos elementos que sexa posible).
- Retirada dos revocaduras interiores de sacrificio e a execución duns revocaduras definitivas.
- Retirada do actual encintado exterior e execución dun novo.
- Reparación dos pavimentos de madeira danados polos sales que foron expulsando os muros.
- Revisión das instalacións (inclúe tarefas propias de mantemento tendo en conta as condicións de humidade do templo).





BEN: igrexa de Sales (parroquial de san Fins)

SITUACIÓN: Cornado, Sans Fins de Sales, Vedra (A Coruña)

PROTECCIÓN: A igrexa de Sales (parroquial de san Fins) situada no concello de Vedra (A Coruña), da que forma parte o retablo maior, ten a consideración de ben catalogado ao estar incluída no catálogo do PXOM do Concello de Vedra aprobado o 30.01.2007 (DOG do 12.02.2007) co número R-11, conforme ao art. 30 e a DA 2ª da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Tamén se recolle no catálogo do Plan Básico Autonómico co COD_IMPRESION Vedra_24128.

ACTUACIÓN: Restauración do retablo maior da igrexa de san Fins de Sales, Vedra (A Coruña) (SAR-2025-0056.INT)

PRAZO DE EXECUCIÓN ESTIMADO: 4 meses

DESCRICIÓN:

O retablo maior desta igrexa ten advocación a san Fins de Valois, ermitán francés que axudou a san Xoán de Mata a fundar a Orde da Santísima Trindade para a redención de cativos.

O retablo de estilo barroco presenta unhas dimensións de 457 cm de alto e uns 525 cm de ancho e está composto por sotabanco, predela, un corpo principal e ático.

O sotabanco ten unha policromía a base de tons vermellos, verdes e azuis con presenza de querubíns. Na zona do sotabanco emprázase unha mesa de altar de madeira de cronoloxía posterior ao retablo e sobre a mesa de altar un sagrario de época moderna.

Ten tres rúas tanto no corpo principal coma no ático. No corpo principal están colocadas nas súas respectivas fornelas as imaxes de san Xosé e san Antón de Padua a ambos lados do retablo, e nun expositor profusamente decorado con catro columnas a modo de baldaquino a imaxe da Inmaculada Concepción de María.

Na zona central do ático nunha fornela franqueada por pilastras está situada a imaxe de san Fins de Valois cos atributos da palma e o libro.

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:

O retablo ten problemas de tipo estrutural por mor do ataque de térmita, sucidade superficial, profundas fendas na zona do ático, roturas, faltas de policromía, un repinte xeneralizado, presenza dun cableado eléctrico, perda de elementos decorativos, lagoas na policromía, perdas de soporte motivadas polo ataque de térmita e parcheado con produtos e metodoloxía inadecuada nas zonas de soporte que ten ataques.

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:

É necesario facer labores de desinsectización co fin de eliminar ataques por parte de insectos xilófagos así como previlos no futuro. Tamén é preciso a consolidación do soporte nas zonas debilitadas, reintegración de volumes e fendas sempre que supoñan un risco para estabilidade do conxunto, fixación da policromía, eliminación da repolicromía do retablo e das imaxes (sempre que a policromía subxacente presente un estado de conservación que permita a súa recuperación), tratamento de metais, carpintería de restauración, retirada de elementos alleos ao retablo, estucado das zonas onde non exista preparación, reintegración cromática con técnicas discernibles co fin de propiciar unha mellor lectura do conxunto e aplicación dunha nova capa de protección.

Restauración das imaxes de san Xosé, santo Antón de Padua, Inmaculada Concepción e san





Fins de Valois.

Os traballos necesarios para acadar a restauración son:

1ª FASE

- Redacción de proxecto e implantación de medios auxiliares.

2ª FASE

• Desmontaxe da fornela do ático, do expositor e do fondo da fornela central, para avaliación do estado de conservación da estrutura. Estudo do estado de conservación da estrutura e valoración da desmontaxe parcial ou total do retablo co fin de valorar as ancoraxes ao muro e a estabilidade do conxunto retablístico.

- Protección e fixación das zonas con perigo inminente de desprendemento.
- Eliminación do cableado eléctrico
- Desinsectización do conxunto con insecticida a base de permetrinas e disolventes aromáticos.
- Substitución en caso necesario, con madeira de castiñeiro debidamente curada, daqueles elementos que pola súa deterioración xa non cumpren coa súa función de soporte da estrutura do retablo.
- Consolidación das zonas do soporte posterior que presenten debilitación.

3ª FASE

- Fixación da preparación e da policromía.
- Eliminación das repolicromías coa finalidade de recuperar a orixinal, sempre e cando a orixinal presente unha porcentaxe suficientemente alta como para recuperar a lectura desta.
- Consolidación das zonas do soporte do anverso do retablo e reintegración volumétrica de volumes que faltan sempre que sexa necesario para a correcta lectura do conxunto.
- Limpeza físico química da policromía
- Tratamento de elementos metálicos.
- Estucado e desestucado de lagoas na zona da policromía.
- Reintegración cromática.
- Vernizado final.
- Realización de catas para valoración de eliminación de repintes nas imaxes de santo Antón de Padua, túnica de san Xosé e Inmaculada Concepción e restauración das imaxes de santo Antón de Padua (en caso de existir policromía orixinal baixo a repolicromía), eliminación do posible repinte da túnica de san Xosé, Inmaculada Concepción e san Fins de Valois.
- Estudo para a iluminación do retablo e instalación de dous focos led a ambos lados do retablo para iluminación deste.

4ª FASE

- Redacción memoria final.





BEN: igrexa de santa María a Nova e os seus anexos e arredores

SITUACIÓN: rúa Ferreiro – rúa da Santísima Trindade, Noia (A Coruña)

PROTECCIÓN: A igrexa de santa María a Nova e os seus anexos e arredores, localizada no concello de Noia, foi declarada Monumento polo Decreto 882/1973, do 5 de abril de 1973 (BOE núm. 105 do 2.05.1973).

Pola disposición adicional primeira da Lei 16/1985, do Patrimonio Histórico Español pasou a ter a consideración de BIC, quedando sometida ao réxime xurídico de protección establecido polo citado texto legal para esta categoría de bens.

O cemiterio coa igrexa situada no seu centro está incluído na delimitación do Conxunto Histórico do Casco Antigo de Noia, declarado polo Decreto 15/1985, de 30 de xaneiro (DOG do 27.02.1985).

ACTUACIÓN: Restauración das cubertas da igrexa de santa María a Nova, Noia (A Coruña) (SAR-2025-0055.INT)

PRAZO DE EXECUCIÓN ESTIMADO: 6 meses

DESCRICIÓN:

A igrexa de santa María a Nova é de nave única, con cuberta de estrutura de madeira a dúas augas apoiada sobre tres arcos apuntados dobrados, que dividen a nave da igrexa en catro tramos.

Os arcos arrancan de piastras de escasa altura, moi saíntes, de xeito que asemellan contrafortes interiores do muro. Estas piastras e os muros que pechan a zona dos riles dos arcos caracterizan o espazo interior da igrexa. A singular tipoloxía estrutural, que asemellan as cadernas dunha embarcación dada a volta, determina un espazo interior unitario recollido, no que destaca a dimensión horizontal perpendicular ao eixo da igrexa. Cobra gran importancia e relevancia a estrutura da cuberta e os arcos apuntados, con forma de grandes costelas nas que se apoia. Esta tipoloxía algúns autores denomínanla como gótico mariñeiro.

O presbiterio sitúase nunha ábsida de planta rectangular, máis estreita que a nave principal e cuberta cunha bóveda de medio canón. A este espazo ábreanse dúas sancristías ao sur construídas no século XVI e no XVII a sancristía norte.

No século XVI construíuse a capela funeraria de Pero Carneiro, única capela da igrexa de traza e labra popular que se pecha cunha cúpula semiesférica labrada con forma de cuncha de vieira.

A planta orixinal do templo amósase alterada polas reformas e obras realizadas posteriormente e das que se aprecian claras pegadas na súa fábrica: canzorros na cornixa dos primeiros tramos da nave principal, arcosolios apuntados cegados nos laterais da ábsida do presbiterio, sinais dunha cuberta máis baixa na zona da cabeceira- os muros foron recrecidos cunha fábrica de mampostería de peor calidade que o resto das fábricas do muro. No ano 1989 cunha intervención dirixida polo arquitecto Carlos Fernández-Gago simplificouse e rebaixouse a altura da cuberta da cabeceira resolvéndoa a dúas augas como o resto da cuberta da igrexa. No século XIX abríronse os vans alintelados da nave principal e da ábsida, transformando a luz interior orixinal da igrexa que se iluminaba exclusivamente a través de estreitas seteiras. No século XX ábrese unha fiestra decorada cunha vidreira nun arcosolio existente na fachada principal e que probablemente correspondía cun enterramento en sartego.

O exterior do templo é de sinxela factura. Nas súas fábricas obsérvanse os sinais de moitas reformas e reconstrucións. Os máis significativos quizais sexan as dúas portadas: a principal,





decorada cun tímpano semicircular no que se representa a Adoración dos Reis e o arcebispo don Berenguel e a portada sur rematada cun lintel no que figura a inscrición histórica conmemorativa da consagración do templo no ano 1327 polo propio arcebispo don Berenguel de Landore. A fachada principal remátase nun rosetón de boa factura.

No cemiterio localízase un gran número dos enterramentos con laudas antigas e a maior parte das pezas funerarias de interese arqueolóxico e cultural que constitúen a colección de pezas funerarias de Noia, considerada polos distintos estudosos como única.

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:

A cuberta da nave principal e do presbiterio presenta un alto estado de deterioración na tella e entrada de auga polos encontros cos muros e penais. Baixo a tella atópanse placas de fibrocemento con amianto.

A estrutura interior de madeira presenta un bo estado aparentemente, aínda que se observan deficiencias causadas pola humidade nas vigas que apoian na fachada oeste e no pórtico de madeira da fachada sur.

Nos muros/paramentos verticais non se aprecian graves problemas estruturais, no interior chama a atención o rexuntado da fábrica de sillería executado con morteiro de cemento gris desvirtuando a imaxe interior dos paramentos.

Os pavimentos e solados atópanse húmidos e descoñécese se existe algunha drenaxe interior. As carpinterías en xeral están en mal estado con vidros rotos, falta de suxeición nos enlaces de chumbo e corrosión dos perfís metálicos.

Na tribuna ou coro alto a principal patoloxía é algunha peza movida, desgaste e rotura de táboas do pavimento e afección lixeira de insectos xilófagos.

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:

Preténdense solucionar os problemas de entrada de auga pola cuberta e polos muros en contacto co terreo, así como restaurar ou renovar as carpinterías das fiestras en mal estado.

Os traballos previstos son de xeito resumido os seguintes:

- Cambio da tella actual deteriorada por outra nova.
- Eliminación das placas de fibrocemento con amianto e substitución por outras novas libres de amianto.
- Resolver os encontros da cuberta cos paramentos verticais para evitar a entrada de auga.
- Substituír a cuberta do pórtico da fachada sur e a súa estrutura.
- Restaurar as cabezas das vigas de madeira da cuberta apoiadas na fachada principal.
- Substituír o entaboado da cuberta da zona do coro deteriorado.
- Drenaxe exterior da zona da ábsida.
- Substitución de morteiros de cemento por outros de cal.
- Restauración ou substitución das carpinterías de madeira das fiestras.





BEN: Igrexa de santa María do Porto (igreja vella)

SITUACIÓN: rúa Echegaray, 36900 Marín (Pontevedra)

PROTECCIÓN: O inmovible está protexido polo seu valor cultural ao estar recollido no catálogo do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Marín aprobado o 27.06.2012 (DOG do 09.07.2012) e o que determina a disposición adicional segunda da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92 do 16.05.2016)

Tamén se recolle no catálogo do Plan Básico Autonómico co COD_IMPRESION Marín_66669.

ACTUACIÓN: PBE de actuacións de restauración e conservación na igrexa de santa María do Porto (igreja vella): fase 2 actuacións interiores, Marín (Pontevedra) (SAR-2025-0149.INT)

PRAZO DE EXECUCIÓN ESTIMADO: 4 meses

DESCRICIÓN:

A igrexa de santa María do Porto ou igrexa Vella de Marín é unha construción de estilo barroco do século XVIII, situada sobre unha rocha no casco histórico de Marín preto do antigo porto.

Foi mandada construír polo Priorado de Oseira en 1603 sufrindo ao longo dos séculos diversas ampliacións ata o século XVIII no que se conclúen a fachada principal e o campanario.

Planta de cruz latina e cruceiro elevado con bóveda de cruzaría. Os brazos e a nave están cubertos con bóvedas de canón con casetóns.

Alberga seis retablos de estilo barroco (século XVIII) e neoclásico (século XIX) destacando os tres situados no cruceiro.

No exterior, a través dunha escalinata accédese á fachada co típico frontón e porta lintelada. Acolle no testeiro o escudo de Oseira.

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:

No ano 2017 a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (DXPC) realizou obras de restauración das cubertas e cambio das carpinterías das fiestras para mellorar as condicións de humidade e ventilación do templo, exceptuando a torre do reloxo, de propiedade municipal.

Nos anos 2021 e 2022 a DXPC promoveu as obras de *Actuacións de restauración e conservación na igrexa de santa María do Porto (igreja vella): fase 1 actuacións exteriores*. Nesta fase elimináronse as filtracións de auga a través das fachadas, restauráronse aqueles elementos de cantería afectados pola meteorización da pedra, cambiáronse as portas exteriores moi deterioradas e redefiníronse os elementos da fachada sur afectados pola Lei da Memoria Histórica.

A actuación na Torre do Reloxo ao ser de titularidade municipal, foi acometida polo Concello de Marín, cofinanciada por esta consellería. Consistiu en actuacións para eliminar as filtracións de auga que se producían tanto pola terraza coma polas fachadas, restaurando as estruturas metálicas existentes e mellorando a ventilación permanente do seu interior.

Agora levarase a cabo a Fase 2, co fin de resolver os problemas máis urxentes do interior do templo.





ACTUACIÓN PROPOSTAS:

Os traballos necesarios para resolver a patoloxía da igrexa e completar así a súa restauración son de xeito resumido:

- Saneamento de humidades do pavimento interior.
- Restauración de paramentos interiores.
- Selado xeral de fisuras y gretas.
- Revocos.
- Restauración de portas de paso.
- Nova instalación de electricidade, iluminación e son.
- Acondicionamento de almacén e aseo.

